

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016455	IES Julio Prieto Nespereira	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos».

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas cuxos títulos dan conta de cancións galegas agás no caso da unidade 7 dedicada á publicidade onde a referencia é un anuncio. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cun vídeo dunha canción agás no caso da unidade da publicidade que comeza co vídeo dun anuncio na busca de partir sempre de exemplos de oralidade. Á hora de nos achegar a calquera temática, será esta, a da oralidade, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Do mesmo xeito estas cancións en varios dos casos xa nos darán pé para tratar os diferentes contidos transversais.

En cada un dos trimestres, o alumnado desenvolverá un proxecto centrado nunha parte diferente da materia:

No primeiro trimestre o proxecto céntrase no bloque «As linguas e os seus falantes», baixo a denominación «Que conta nas linguas?» levarán a cabo un traballo de campo e logo de análise da valoración social das diferentes linguas do noso contexto no instituto e na súa contorna con especial atención ao galego.

O segundo trimestre o proxecto coa denominación «Nós somos a referencia real» céntrase no bloque de «Educación literaria» a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definitorias da adolescencia na actualidade. O alumnado deste xeito convértese así en autor e obxecto da creación literaria que terán como acto final recitais poéticos dirixidos ao resto do alumnado no Día de Rosalía.

Na unidade 9 elaboraremos o proxecto nº 3 que leva por título «Camiños de mellora» centrado no bloque «Comunicación» dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática social e que dará lugar a unha revista de reportaxes multimodais e a unha canle ou serie de podcast.

Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Francisco Fernández del Riego, unha persoa que salientou polo traballo a prol da nosa cultura e que forma asemade parte dos nosos camiños de mellora da dignificación do idioma e da cultura galega.

A esollha das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).
- A non repetición de temas.
- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantos na maré	<p>Na unidade 1 principiámos o curso coa avaliación inicial.</p> <p>Unha vez realizada esta, temos como primeiro obxectivo analizar a realidade da lingua como un fenómeno oral do que participa toda a poboación en calquera cultura e achegarnos á lingua escrita como principal sistema substitutivo que só nas etapas máis recentes está ao alcance de toda a poboación. Exemplificaremos esta evolución a través da canción popular, da cantiga medieval e da canción actual en galego, portugués e catalán.</p> <p>Iniciaremos deseguido o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués.</p> <p>Facilitaremos a comprensión da progresión cronolóxica cun cadro cronolóxico da historia da lingua galega e outro da historia da lingua e da literatura medievais galega, portuguesa e castelá.</p> <p>Buscamos un enfoque centrado no estudo da lingua como un patrimonio común que se vai manter ao longo do curso académico coa inserción de recursos en portugués.</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantos na maré	Para a súa avaliación utilizaremos unicamente a proba escrita.	10	10	X		
2	Unha mañá de setembro	<p>Tras o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués, xa estaremos en condicións de realizar unha panorámica por toda a literatura medieval. Procuraremos que a literatura sexa entendida como unha forma de divertimento o mesmo que o é hoxe. Centrarémonos na lírica amorosa e satírica (recoñecemento das características temáticas e formais da cantiga medieval, relación coas cancións actuais) e na súa evolución.</p> <p>Dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos sociolingüísticos como coa súa propia experiencia.</p> <p>Para a avaliación utilizaremos a proba escrita nun 70% (para realizar análises literarias e identificar unidades lingüísticas e funcións) e a táboa de indicadores ou rúbrica nun 30% (para o traballo sobre o libro de contido sociolingüístico de lectura obrigatoria).</p>	10	11	X		
3	Terra	<p>Dedicaremos a unidade 3 á elaboración do proxecto nº 1 do curso sobre a análise da valoración social das linguas no instituto e a súa contorna con especial atención ao galego.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos: unha exposición oral do proceso de investigación e das súas conclusións e unha produción escrita.</p> <p>Podemos sinalar 4 obxectivos para o alumnado no desenvolvemento deste proxecto.</p> <p>1º A reflexión sociolingüística sobre a valoración das linguas na súa contorna con especial atención aos prexuízos lingüísticos.</p> <p>2º A aprendizaxe da metodoloxía da realización dunha investigación sociolingüística de campo.</p> <p>3º A consolidación da metodoloxía da presentación por escrito dun traballo de investigación.</p> <p>4º O perfeccionamento das técnicas de exposición oral de carácter culto.</p>	15	14	X		
4	Que din os rumorosos	Coa unidade 4, comezaremos o segundo trimestre achegándonos ao	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Que din os rumorosos	<p>desenvolvemento social e cultural dos Galego Medio e do Rexurdimento e dentro del especialmente á figura de Eduardo Pondal.</p> <p>Ao mesmo tempo aproveitaremos para traballar as tipoloxías textuais de esquema, resumo e mapa conceptual.</p> <p>Ao estudo do léxico achegarémonos por dous camiños, dunha banda aprendendo a facer definicións e doutra banda creando constelacións léxicas mediante a utilización da afixación.</p>	10	8		X	
5	A xustiza pola man	<p>Na quinta unidade, tras o estudo do desenvolvemento histórico social dos Séculos Escuros e do Rexurdimento estamos en condicións de afrontar o estudo da figura de Rosalía de Castro e a súa transcendencia literaria e social na nosa cultura.</p> <p>Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e nas construcións de infinitivo persoal.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	10	12		X	
6	Somos legiom	<p>Dedicaremos a unidade 6 á elaboración do proxecto nº 2 do curso neste caso dedicado á creación literaria a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definitorias da adolescencia na actualidade. O alumnado convértese así en autor e obxecto da creación literaria. Este traballo terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- unha creación poética multimodal na que se integren 3 textos poéticos.</li> <li>- un acto poético colectivo para as aulas do centro no Día de Rosalía.</li> </ul> <p>Podemos sinalar 4 obxectivos para o alumnado no desenvolvemento deste proxecto.</p> <p>1º A creación de tres textos poéticos multimodais orixinais.</p> <p>2º O desenvolvemento de técnicas de recitado poético para un público.</p> <p>3º A integración da obra rosaliana na súa propia proposta poética.</p>	10	13		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A festa de todas as festas	<p>A unidade 7 céntrase no Bloque 2 ¿Comunicación¿ e dentro del, concretamente no mundo dos medios de comunicación e na publicidade. Trátase de que o alumnado se enfrente de forma consciente á textualidade multimodal dos medios de comunicación, saiba descodificala e identificar a calidade e fiabilidade da información que nos ofrecen sendo quen de localizar o sentido e a intencionalidade así como a presenza de posibles manipulacións. Tamén é importante que ademais recoñecer as características da información recibida, o noso alumnado sexa quen de realizar unha reflexión coherente sobre esta cuestión na procura dunha cidadanía consciente e crítica. Dedicaremos a segunda parte da unidade á publicidade como o exemplo de textualidade multimodal máis presente tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas redes sociais. Para isto cada alumna ou alumno deberá analizar tres anuncios da súa escolla (un institucional, un destinado á mocidade e un con usos discriminatorios) nunha exposición.</p>	10	9			X
8	O maio	<p>A oitava unidade é a da discrepancia, a que busca que o alumnado aprenda, en primeiro lugar, que a liberdade de expresión é un dereito fundamental e que pensar diferente non é algo negativo senón unha mostra de quen somos e completamente lexítima. É por iso que resulta fundamental aprender a discrepar ou queixarse de maneira empática e construtiva. Para discrepar, denunciar e reivindicar no marco da literatura ninguén mellor que Curros Enríquez, o gran ollo crítico do noso Rexudimento. Achegarémonos a el a través das súas composicións máis coñecidas para logo ver tamén outros exemplos da literatura de reivindicación cívica en galego que el iniciou. Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p>	10	8			X
9	Voa o aire	Na unidade 9 elaboraremos o proxecto nº 3	15	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Voa o aire	<p>do curso dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática social.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha revista coas reportaxes multimodais realizadas polo alumnado.</li> <li>- Unha canle ou serie de podcast con entrevistas de temática social.</li> </ul> <p>Os obxectivos para o alumnado neste proxecto son:</p> <p>1º O estudo da presenza das temáticas sociais nos medios de comunicación.</p> <p>2º A elaboración dunha reportaxe multimodal.</p> <p>3º O perfeccionamento da interacción de carácter oral en contextos formais.</p> <p>4º O traballo cooperativo nun proxecto de aprendizaxe de servizo que denuncia inxustizas sociais e/ou pon en valor persoas e colectivos que melloran a nosa sociedade.</p> <p>Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Francisco Fernández del Riego, unha persoa que salientou polo traballo a prol da nosa cultura e que forma parte dos nosos camiños de mellora.</p>	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cantos na maré	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	100
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Unha mañá de setembro	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria de temática sociolingüística, unha análise apropiada da obra relacionándoa cos fenómenos de linguas en contacto.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación unha cantiga coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte actual dunha maneira satisfactoria.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> </ul>

## Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión)
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Terra	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado no traballo de investigación, como mínimo, identifica e cuestiona os prexuízos e estereotipos lingüísticos con actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación nº 1 sobre a apreciación das linguas na súa contorna en formato dixital respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación en formato dixital respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...).	PE	100
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente a investigación nº 1, como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado debe na súa exposición oral, como mínimo, utilizar de maneira correcta todo o paradigma verbal atendendo especialmente ao emprego axeitado do infinitivo persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Que din os rumorosos	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel.	PE	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, utiliza nunha explicación oral mecanismos de referencia interna de carácter léxico por nominalización e hiperonimia abstracta.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, xustifica a presenza dos Séculos Escuros na nosa historia cultural e comprende e analiza un texto pondaliano.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo recoñece os diferentes afixos para a mudanza de categoría e o seu significado e crea constelacións léxicas dunha palabra mediante a utilización de afixos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
